

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 4 DE MAIO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas.

DÍA: 4 de maio de 2015.

HORA DE COMEZO: 14:00 h.

HORA DE REMATE: 14:40 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández e D. Jesús Manuel Graña Graña.

AUSENTES: D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco e D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos.

SUPLENTES: D. Francisco Javier Soliño Soliño.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR  
REALIZADA O DÍA 23 DE MARZO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 23 de marzo de 2015.

**URBANISMO E VIVENDA**

**2º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO ENTRE E O  
CONCELLO DE CANGAS E O PÁRROCO DA FELIGRESÍA DO DIVINO  
SALVADOR DE COIRO S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O  
FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO DO ADRO DA  
IGREXA DE SAN SALVADOR DE COIRO"**

Visto o convenio asinado o día 23.4.15 entre o Concello de Cangas e o párroco da feligresía do Divino Salvador de Coiro, para o acondicionamento e mellora da zona do Igrexario do Adro da Igrexa de Coiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio asinado o día 23.4.15 entre o Concello de Cangas e o párroco da feligresía do Divino Salvador de Coiro, para o acondicionamento e mellora da zona do Igrexario do Adro da Igrexa de Coiro.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia aos departamentos de Urbanismo e Intervención.

### **CONTRATACIÓN**

#### **3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓNS CONCELLO DE CANGAS"**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 30.4.15, referente a adxudicación da obra "PAVIMENTACIÓNS CONCELLO DE CANGAS", que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DA OBRA 'PAVIMENTACIÓNS CONCELLO DE CANGAS'*

*Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de obra 'Pavimentacións Concello de Cangas'.*

*Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'Construcciones, Obras e Viais, S.A.', con CIF nº A36008886, por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas.*

*Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu (entrada nº 5872 do día 29.04.2015) relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de CATRO MIL NOVECIENTOS CINCO EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (4.905,48 €) en forma aval bancario.*

*Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO:*

*Primeiro.- Adxudicar á empresa 'Construcciones, Obras e Viais, S.A.', con CIF nº A36008886, o contrato de obra 'Pavimentacións Concello de Cangas', por importe de CENTO DEZAOITO MIL SETECENTOS DOCE EUROS CON SESENTA E*

*SEIS CÉNTIMOS (118.712,66 €) (21% de IVE incluído) coas seguintes especificacións da súa oferta:*

- *Melloras ofertadas:*  
*o 350,00 m2., de firme aglomerado quente Tipo D-12 5 cm.*
- *Prazo de execución: 110 días naturais.*
- *Ampliación do prazo de garantía: 6 meses a maiores dos 12 que recolle o proxecto, polo que esta obra terá un prazo total de garantía de 18 meses.*

*Segundo.- Dispoñer en contía de CENTO DEZAOITO MIL SETECENTOS DOCE EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (118.712,66 €) o gasto que para este concello representa a mencionada contratación, con cargo á aplicación 453.619 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.*

*Terceiro.- Notificar a 'Construcciones, Obras e Viais, S.A.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.*

*Cuarto.- Nomear á arquitecta municipal, María Isabel Medraño Fariña, directora facultativa da obra e coordinadora de seguridade e saúde.*

*Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

*Sexto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como, á directora de obra."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita, referente a adxudicación da obra "PAVIMENTACIÓNS CONCELLO DE CANGAS".

## **MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO**

### **4º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO S/AUTORIZACIÓN DE LICENZAS DE INSTALACIÓN DE QUIOSCOS EN TERREOS PRIVADOS-ZONA DE SERVIDUME- DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2015**

Dáse conta de proposta do día 29.4.15 do concelleiro de Medio ambiente, praias, mar e Mancomunidad de concellos do Morrazo, referente a autorización de licenzas de instalación de quioscos en terreos privados -zona de servidume- durante a tempada de verán-2015, que di o seguinte:

*"O concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo,  
Jesús Graña Graña, propón á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, o seguinte:*

*• Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidume, durante a tempada de verán 2015, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Cumprindo coas condicións do anexo.*

*• Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.*

*1.- MANUEL RIAL NOVAS, para a instalación de un quiosco de 20,00 m<sup>2</sup>., no lugar de Praia de Mendiña-Aldán-Cangas.*

*2.- MARCO DE CESERO FEIJOO, para a instalación de un quiosco de 12,00 m<sup>2</sup>., no lugar de Praia Areabrava-O Hío.*

*3.- TAMARA LEMOS COSTAS, para a instalación de un quiosco de 20,00 m<sup>2</sup>., no lugar de Pinténs-O Hío."*

#### A N E X O:

*"As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes CONDICIÓNs:*

*1º.- Previamente á instalación deberase proceder ao pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.*

*2º.- O horario de apertura será de 10.00 horas atás as 22.00 horas.*

*3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.*

*4º.- Deberá depositar o lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, a súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.*

*5º.- A autorización municipal é intransferible.*

*6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, puidéndose unicamente proceder á venda de bebidas e xeados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.*

*7º.- Todas as súas conducións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como, a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral, se existe, quedando en todo caso prohibido os sistemas de drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.*

*8º.- A instalación será desmontada trascorridos 15 días desde a súa extinción.*

9º.- Non se permitirá a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10º.- O prazo de vixencia estenderase desde o día 15 maio ata o 30 de setembro de 2015.

11º.- Disponerse do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios/as.

12º.- O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.

13º.- Observarase o previsto no R.d. 2817/83, do 13 de outubro, e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).

14º.- Advírteselle ao interesado/a que no caso de instalación de terraza sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ao levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o concello estime oportunas."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Medio ambiente, praias, mar e Mancomunidade de concellos do Morrazo, transcrita anteriormente, referente a autorización de licenzas de instalación de quioscos en terreos privados -zona de servidume- durante a tempada de verán-2015.

## **SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

### **5º.- SOLICITUDES VARIAS DE SINALIZACIÓN**

#### **5.A) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE**

Examinada a solicitude presentada o día 21.4.15 por ARACELI POUSA VALLADARES, na que reclama a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 312 que ten instalado na Avda. José Graña, nº 56-Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento

especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

#### 5.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN HORIZONTAL EN RÚA BAIONA

Examinado o escrito presentado o día 20.4.15 por SANTIAGO ARROYO GARCÍA, administrador da Comunidade de Propietarios do edificio "CORREOS", sito en Rúa Baiona, nº 6-Cangas, no que demanda o pintado de liñas amarelas da calzada do referido lugar.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 23.4.15 pola Policía Local, que di o seguinte:

*"Nº REX: 587/15*

*ASUNTO: PINTADO DE LIÑAS AMARELAS EN RÚA BAIONA, Nº 6.*

*A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por Santiago Arroyo García, administrador da comunidade de propietarios edificio 'Correos', no que solicita repintado de liñas amarelas. Por parte desta policía non existe inconveniente en conceder o solicitado debéndose pintar unha liña amarela lonxitudinal continua na fronte do sinal da pasaxe permanente ou na beirarrúa para diferenciar a zona de carga e descarga do sinal de pasaxe permanente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe da Policía Local transcrito anteriormente.

#### **URXENCIAS**

#### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE XUVENTUDE S/SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE, PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL-2015**

Dáse conta de proposta do día 28.4.15 do concelleiro de Xuventude, referente a solicitude de axuda á Consellería de Traballo e Benestar, para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil-2015, que di o seguinte:

"PROPOSTA

*SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE, PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL 2014*

*Publicada pola Consellería de Traballo e Benestar a Orde do 30 de marzo de 2015, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia, para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2015 e se procede á súa convocatoria.*

*Creada desde o ano 1989 a Oficina Municipal de Información Xuvenil e que na actualidade está sita na casa da xuventude, con horario semanal de atención ao público de luns a venres atendendo as demandas do colectivo xuvenil e cunha ampla programación anual de actividades dirixidas aos xóves.*

*Cumprindo cos requisitos da orde e vistas as necesidades, redáctase pola técnica de xuventude, memoria de actividades dirixidas á xuventude por un importe total de VINTE E UN MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS (21.850,00) euros.*

*Visto o informe sobre a existencia de crédito para facer fronte ao financiamento que debe asumir o concello e reunindo todas as demáis condicións que na orde se especifican, proponho á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), para desenvolver as seguintes actividades:*

<b>Denominación da actividade</b>	<b>Importe</b>
<i>Funcionamento do servizo de información xuvenil.- Atención ao público</i>	<i>1.500,00</i>
<i>Certames</i>	<i>1.450,00</i>
<i>17º Salón do cómic</i>	<i>4.900,00</i>
<i>Directo xove-2015</i>	<i>7.000,00</i>
<i>Campamentos de verán</i>	<i>6.500,00</i>
<i>Exposición de xoves artistas</i>	<i>500,00</i>

*Segundo.- Declarar que non solicitou ningunha outra axuda ou subvención para as actividades que se especifican."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Xuventude, referente a solicitude de axuda á Consellería de Traballo e Benestar, para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil-2015.

## **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace  
o presidente